

Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 2023/8, Ordinaria REALIZADA O xoves 27 de xullo de 2023 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE

Concelleiros/as:

ALTERNATIVA DOS VECIÑOS (ADV)

DONA SUSANA GUIMAREY GARCÍA

DON FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA

DON JAVIER LENDOIRO SANTOS

DONA MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

DONA INMACULADA MANTIÑÁN ÍNSUA

DONA NATALIA PATIÑO CAÑAS

PARTIDO POPULAR (PP)

DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO

DONA CRISTINA CASAL DÍZ

DONA OSCAR BODELO GÓMEZ

DONA MARÍA ISABEL LÓPEZ PÉREZ

PARTIDO SOCIALISTA (PSDEG-PSOE)


DONA PATRICIA BLANCO FIDALGO

AUSENCIAS

DON CARLOS BARBEITO REY (PP)

TÉCNICA DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO CONCELLO

DONA SONIA CAMPOS ARES



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

INTERVENTORA:

NOEMÍ GONZÁLEZ MATO

SECRETARIA:

EVA JARDON LOPEZ

HORA DE INICIO: 20:00

HORA DE REMATE: 20:28

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 20:00 do xoves 27 de xullo de 2023, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto 402/2023 e segundo acordo plenario do 29 de xuño de 2023, polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnen-se en sesión 2023/8, Ordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada pola Secretaria a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1. Parte resolutiva da sesión


- 1.1. Aprobación das actas 5/2023 (correspondente á sesión celebrada o 17 de xuño de 2023), 6/2023 (correspondente á sesión celebrada o 28 de xuño de 2023) e 7/2023 (correspondente á sesión celebrada o 29 de xuño de 2023).
- 1.2. Modificación de crédito 15/2023, Transferencia de crédito 7/2023 entre partidas de distinto grupo de función.

2. Parte da sesión de control dos demais órganos dea Corporación.

- 2.1. Dación de conta de decretos da Alcaldía dende o número 158/2023 ata o 401/2023 e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.
- 2.2. Dación de conta dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados nas sesións celebradas o 22 de marzo, 13 de abril, 27 de abril, 11 de maio, 25 de maio, 8 de xuño, 14 de xuño e 6 de xullo de 2023.

3. Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

4. Rogos e preguntas.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

1.- Parte resolutiva da sesión

1.1.- Aprobación das actas 5/2023 (correspondente á sesión celebrada o 17 de xuño de 2023), 6/2023 (correspondente á sesión celebrada o 28 de xuño de 2023) e 7/2023 (correspondente á sesión celebrada o 29 de xuño de 2023).

O Alcalde pregunta aos concelleiros se teñen algo que dicir, sen que ningún deles faga observacións, polo que de conformidade co disposto no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais as actas considéranse: APROBADAS.

1.2.- Modificación de crédito 15/2023, Transferencia de crédito 7/2023 entre partidas de distinto grupo de función.

O Alcalde expón a proposta que deseguido se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: Modificación de crédito 15/2023, Transferencia de crédito 7/2023 entre partidas de distinto grupo de función


Expediente número: 2023/T002/000015

Visto que a data actual no Concello de Carral rexe o Orzamento prorrogado de 2021, sen que se espere aprobar un orzamento definitivo para 2023, cos problemas que elo conleva á hora de facer fronte aos gastos ordinarios aos que ten que facer fronte esta Corporación, así como na realización de investimentos de nova creación e o mentenmento que fóron xurdindo ao longo do ano 2023.

Tendo en conta que o Concello de Carral iniciouse con prórroga orzamentaria de 2021 e tendo en e, considerando que hai partidas orzamentarias que se preveían a realizar en 2021, pero que no exercicio 2023 non son necesarias en parte o una súa totalidade e que non se van a necesitar de aquí a final de ano, faise necesario facer a seguinte modificación orzamentaria:

ALTAS

Aplicación	Descrición	Modificacións de
-------------------	-------------------	-------------------------



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

		crédito
132.62600	Seguridade e Orde Público. Equipos para procesos de información	12.000,00 €
135.48011	Protección Civil. Convenios con entidades sen ánimo de lucro	1.200,00 €
1532.22111	Pavimentación vías Públicas. Subministro de material de obras	60.000,00 €
1532.61900	Pavimentación vías Públicas. Outras obras de reposición de infraestructuras.	40.000,00 €
160.61900	Rede de sumidoiros. Outras obras de reposición de infraestructuras.	20.000,00 €
165.22100	Alumeado Público. Enerxía eléctrica	75.000,00 €
170.48011	Administración xeral do medio Ambiente. Convenios con entidades sen ánimo de lucro	1.400,00 €
171.22711	Parques e Xardíns. Mantemento de zoas verdes	30.000,00 €
312.22700	Hospitais, centros asistenciais e centros de saúde. Limpeza e aseo.	12.000,00 €
320.22100	Administración xeral de educación. Enerxía eléctrica.	15.000,00 €
320.22700	Administración xeral de educación. Limpeza e aseo.	5.000,00 €
3321.22100	Centros educación infantil. Enerxía Eléctrica.	3.000,00 €
3231.22700	Centros educación infantil. Limpeza e aseo.	5.000,00 €
326.22615	Servizos complementarios de educación. Actividades extraescolares	35.000,00 €
334.22620	Promoción cultural. Festas de Nadal	40.000,00 €
334.48000	Promoción cultural . A familias e institucións sen ánimo de lucro	1.600,00 €
341.22610	Promoción e fomento do deporte. Actividades e escolas deportivas	25.000,00 €
341.4813	Promoción e fomento do deporte. Convenios con entidades sen ánimo de lucro	2.200,00 €
4311.22642	Ferías. Promoción das ferías	6.000,00 €
442.22706	Infraestructuras do transporte. Traballos e estudos técnicos	18.980,68 €
931.35900	Política económica e fiscal. Outros gastos financeiros	3.000,00 €
TOTAL		411.380,68 €



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

BAIXAS

Aplicación	Descrición	Modificacións de crédito
011.3100	Débeda Pública. Xuros.	10.608,11
011.91100	Débeda Pública. Amortización de préstamos a longo prazo concedidos por Entidades do Sector Público	186.628,82 €
231.22713	Asistencia Social Primaria. Programa de axuda no fogar. Dependencia	50.000,00 €
231.22714	Asistencia Social Primaria. Programa de axuda no fogar. Libre Concorrenza	30.000,00 €
231.48002	Asistencia Social Primaria. Emerxencia Social.	40.000,00 €
241.47900	Fomento do Emprego. Outras subvencións a empresas privadas	37.743,75 €
920.22604	Administración Xeral. Xurídicos e contenciosos.	56.400,00 €
TOTAL		411.380,68 €

Carral, na data da sinatura dixital ao marxe


O Alcalde,

Asdo.: Francisco Javier Gestal Pose”

O Alcalde explica que as cantidades destínanse a partidas necesarias, seguridade e orde público, convenios coas asociacións culturais e deportivas, infraestruturas, gastos correntes, actividades culturais. Así mesmo, di que teñen como prioridade a aprobación do orzamento para o ano que ven, e que seguiran loitando para que os resultados do Concello de Carral sigan consolidándose de maneira positiva.

O Alcalde dálle a palabra a dona Patricia que comenta que este ano pódese axustar o gasto corrente con tempo suficiente, di que lle parecen ben as altas e que respecto das baixas parécelle que a cantidade de asistencia social lle parece insuficiente e espera que de aquí a final de ano non se voten de menos eses cartos.

O señor Mouriño toma a palabra e di que o Concello de Carral foi o único concello da comarca que non axudo ao comercio na pandemia, e lle preocupa que en emerxencia social se baixen 40.000 euros e en



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

axuda a domicilio 40.000 e na dependencia 50.000 euros, porque hai un par de anos tiveron que devolver horas de dependencia á Xunta de Galicia, por non xestionalo ben dende os servizos sociais, esa cantidade facendo ben os papeis non tiña que sobrar nada. Considera que rebaixar 120.000 euros en asistencia aos maiores é excesivo.

Don Jose Luis di que lle parece unha modificación importantísima, e di que ten unha dúbida, porque o no informe de intervención figura unha cantidade de 404.580,68 euros, e despois a modificación é de 411.380,68 euros.

A interventora contesta que está pendente el préstamos do ICO das luminarias e que é a cantidade que non se rebaixa.

O señor Mouriño conclúe que en liñas xerais a modificación é de 411.000 euros, que para limpeza de locais e gasto corrente vanse 140.000 e para solucionar os problemas da rede de sumidoiros, imaxina que é a partida de 20.000 euros e pouco se pode facer con 20.000 euros, para evitar multas.

O Alcalde di que coas sancións se levan dende o 2010, o señor Mouriño di que mentres el foi Alcalde o Concello de Carral non pagou nunca unha sanción de Augas de Galicia, e pide que conste en acta.

O Alcalde pide que conste en acta que as sancións están notificadas dende o ano 2010 e o señor Mouriño pide que lle pasen os expedientes dende o ano 2010 ata o ano 2019 nos que consten as sancións.

Don Jose Luis continúa dicindo que non lles parece normal que sabendo que hai lista de espera na axuda a domicilio e que hai expedientes pendentes de dependencia que se rebaixen 50.000 euros, e que en emerxencia social que sabemos que hai familias con necesidades que se baixen 40.000 euros, e por iso van a votar en contra.

O señor Bello pide a palabra por alusións, e di que dependencia é aprobada pola Xunta, non polo Concello, e a diferenza que temos co SAF e que temos un contrato e sabes a cantidade económica que vas necesitar, o orzamento ven do ano 2021 e as cantidades estaban pasadas, despois saíu a menos prezo a hora e por iso sobra, agora temos un contrato e eses cartos están retidos ao principio do ano.

O señor Mouriño pide a palabra para dicir que todos son conscientes de que a dependencia a concede a Xunta de Galicia, pero quen tramita a documentación son os servizos sociais do Concello e engade que sempre houbo contrato para a axuda a domicilio, outra cousa e que o prego o fixeron vostedes, pero iso non quere dicir que a cantidade teña que ser fixa e se hai lista de espera non entende porque se baixan estas cantidades, se hai falta de persoal, metan este diñeiro para contratar.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O señor Bello volve a reiterar que as horas de dependencia as concede a Xunta, non é por persoal e dixo que o Concello perdeu as horas, pero se perderon no ano 2019.

Don Jose Luis insiste en que esas cantidades deben estar sempre mentres haxa lista de espera.

Dona Patricia pregunta se a convocatoria do SEPE de persoal laboral e para tramitar isto, e dona Susana contesta que si, e que o reforzo en servizos sociais foi importantísimo e incorporouse xa un auxiliar e agora unha técnica e outra auxiliar.

Non habendo máis debate, procédese á votación co seguinte resultado:

Votacións:

Votos a favor: 7

0 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular

7 Alternativa dos Veciños

Votos en contra: 4

0 PSdeG-PSOE

4 Partido Popular

0 Alternativa dos Veciños

Abstencións: 1

1 PSdeG-PSOE

0 Partido Popular


0 Alternativa dos Veciños

RESULTADO: Maioría absoluta.

ESTADO: Aprobada.

2.- Parte da sesión de control dos demais órganos dea Corporación.

2.1.- Dación de conta de decretos da Alcaldía dende o número 158/2023 ata o 401/2023 e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

2.2.- Dación de conta dos acordos da Xunta de Goberno Local adoptados nas sesións celebradas o 22 de marzo, 13 de abril, 27 de abril, 11 de maio, 25 de maio, 8 de xuño, 14 de xuño e 6 de xullo de 2023.

3.- Mocións.

Ningún dos grupos políticos presenta mocións.

4.- Rogos e preguntas.

Dona Patricia formula as seguintes preguntas.

- Con respecto dos libros de texto en primaria e secundaria, falando co directo do IES comenta que van moi xustos cos libros de texto, ten so para darlle aos nenos que teñen dereito a eles, por lo que faille un rogo ao Concello para que na medida das posibilidades reforcen o apoio ao banco de libros de texto.
- Pregunta se hai algunha novidade sobre o Plan Xeral e a ampliación do Polígono dos Capelos.
- E por último, pregunta se é posible, que unha vez pasadas as eleccións municipais e as locais, poidan buscar un local con mellor accesibilidade para as próximas eleccións autonómicas.

Dona Mercedes contesta, respecto do banco de libros que fan un chamamento a moitos pais que os teñen na casa, e se está intentando resolver o problema.


Dona Patricia pide que ao marxe das aportacións do Concello, se é posible, que o Concello inverta en libros. E dona Mercedes lle contesta que queda anotada a idea.

Respecto do PXOM o Alcalde contesta que en setembro van a empezar a axilizar o máximo posible a tramitación, e respecto do polígono teñen que facer unha modificación porque a avaliación de incidencia ambiental non foi positiva.

E en canto ao local das eleccións vaise mirar, quizá no Toñito Espiñeira e dona Patricia di que tamén podería ser no pavillón do cole, que ten mellor acceso que o Espiño.

Don Jose Luis fai as seguintes preguntas:

- Non vin publicado a modificación da Relación de Postos de Traballo para a contratación de persoal eventual, pero vexo que o anterior concelleiro segue usando os coches municipais, non me parece mal, pero que este dentro da lei. Dona Susana di que pode estar tranquilo, que está dentro da lei, que efectivamente non



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

se publicou, pero se publicará.

Non habendo mais asuntos que tratar, sendo as 20:28 horas, o Sr. Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretaria do Concello, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA DO CONCELLO

Francisco Javier Gestal Pose

Eva Jardón López